

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 24 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertido erro por omisión na dita orde, publicada no DOG nº 130, do luns, 6 de xullo de 2009, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 11.716, na epígrafe de Pre-centros tecnolóxicos (centros de recente creación ou en proceso de transformación), falta por incluír: *Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL)*.

Orde do 9 de xullo de 2009 pola que se convoca o VII Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico é un dos factores de maior influencia na configuración do mundo contemporáneo. Nesta liña, a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, está a impulsar actividades mediante as cales se intenta divulgar e facilitar a comprensión do que significa este desenvolvemento.

Entre estas actuacións e ao abeiro do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (Incite), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006, a Consellería de Economía e Industria convoca a sétima edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación. Este galardón ten como finalidade estimular a produción de textos xornalísticos especializados en materia científica.

O obxectivo final desta e doutras accións do Programa de comunicación e sensibilización social do Plan galego de I+D+i é fomentar unha cultura do coñecemento da ciencia e da tecnoloxía que permita unha mellor percepción das actividades de I+D+i por parte da sociedade galega.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é convocar, en réxime de concorrencia competitiva, a sétima edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación para distinguir traballos de xornalismo científico publicados en medios de comunicación galegos e

edicións para Galicia de medios estatais. Este premio está destinado a estimular a produción de textos xornalísticos especializados en materia científica, consonte as seguintes bases:

Primeira.-*Dotación económica.*

Seleccionarase un primeiro e un segundo premio dotados respectivamente con 5.000 euros e 2.300 euros. En caso de recaer en traballos de carácter colectivo, a contía dividirase equitativamente entre os autores do traballo.

Segunda.-*Financiamento.*

Os gastos relativos á acción desta convocatoria imputaranse á aplicación orzamentaria 44.02.561 A.480.1 dos orzamentos da Consellería de Economía e Industria para o ano 2009.

Terceira.-*Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán participar nesta convocatoria todos/as os/as profesionais do xornalismo que teñan publicado algún traballo xornalístico de contido científico nun medio de comunicación da Comunidade Autónoma de Galicia ou nunha edición para Galicia dun medio de difusión estatal.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas en que se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os/as concursantes deberán presentar un traballo xornalístico de contido científico (preferentemente sobre temas de investigación e desenvolvemento) de calquera xénero informativo publicado ou emitido polos medios de comunicación galegos ou edicións para Galicia de medios estatais, xa sexa en soporte escrito, audiovisual ou electrónico. Os traballos poderán ser presentados a título individual ou en equipo e terán que estar publicados no período que comprende entre o 3 de xullo de 2008 e a data de fin do prazo de presentación de solicitudes a esta orde. Cada candidato/a non poderá presentar máis de tres traballos.

Cuarta.-*Solicitud, presentación da documentación, lugar e prazo.*

1. Solicitud.

a) O formulario de solicitud regulado nesta orde deberao obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o/a candidato/a a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN822C) establecida na Oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentación-electronica> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN822C.

b) Para cubrir correctamente o formulario de solicitud, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos/as candidatos/as.

c) Poderase cubrir e obter o formulario ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

d) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través do teléfono: 981 95 73 98, do número de fax: 981 54 10 39 ou do enderezo de correo electrónico comunicacion@plan-incite.eu, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

O anexo desta convocatoria publícase no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para efectos informativos, e é necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención do formulario de solicitude.

2. Documentación que hai que presentar.

a) Copia do documento de identidade do/a candidato/a ou candidatos/as. A(s) copia(s) do documento deberá(n) ser incorporada(s) en arquivo adxunto na aplicación telemática.

b) *Curriculum vitae* do/a candidato/a ou candidatos/as. O(s) *curriculum vitae* deberá(n) ser incorporado(s) en arquivo adxunto na aplicación telemática.

c) Exemplar do traballo. Os exemplares dos traballos poderán ser presentados a través da aplicación telemática para o cal deberán seguirse as indicacións establecidas na propia aplicación. Nos casos en que o tamaño do exemplar do traballo supere o tamaño máximo asignado na aplicación telemática requirirase a presentación da documentación conforme as alíneas d) e e) deste punto.

d) De non ser posible a presentación telemática do exemplar do traballo conforme o indicado na alínea anterior, o/a candidato/a poderá presentar a documentación das seguintes formas:

i. Se se trata dun traballo en prensa escrita terá que achegarse un exemplar orixinal da publicación na cal fose difundido e un arquivo coa copia do traballo en soporte CD.

ii. Se se trata dun traballo en formato audio ou vídeo terá que entregarse un arquivo coa copia en soporte CD ou DVD que deberá recoller o espazo ou programa completo no cal foi difundido.

iii. Se se trata dun traballo en formato electrónico, deberase achegar unha copia en papel e un arquivo coa copia en formato CD que deberá recoller a captura de pantalla da páxina ou páxinas web onde foi difundido.

e) En todos os casos o/a candidato/a deberá especificar claramente a data e o medio de comunicación en que foi difundido o traballo presentado.

3. Lugar e prazo de presentación.

a) A solicitude, xunto coa documentación, presentaranse no rexistro da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, da Xunta de Galicia, sita na rúa Feáns, nº 7 baixo C, CP 15706 Santiago de Compostela, ou nos restantes rexistros de calquera outro órgano, que pertenza á Administración xeral do Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, logo da obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

c) O prazo de presentación das solicitudes pechará o 31 de outubro de 2009.

d) As solicitudes poderán presentarse en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a candidato/a ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, haberá que cumprir os seguintes requisitos:

i. O/A presentador/a deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), ANCERT (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e *Banesto, C.A.*

ii. Xunto co formulario de solicitude deberá anexarse en formato electrónico a documentación á cal se fai referencia no punto 2 anterior. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática unha vez asinados co certificado dixital do/a presentador/a os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

Quinta.-Instrución do procedemento e tramitación.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o órgano instrutor elaborará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como a causa da súa exclusión. A lista exporase nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, e no enderezo web <http://economiaindustria.xunta.es>.

De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as persoas solicitantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na citada páxina web ou da notificación individual, para emendar os erros ou presentar a documentación exixida perante a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innova-

ción. Transcorrido este prazo sen corraxir os defectos, entenderase que desisten da súa petición.

Transcorrido o dito prazo, o órgano instructor elaborará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos. A lista exporase nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e no enderezo web: <http://economiaeindustria.xunta.es>.

Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Sexta.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. En todo caso a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante obtivo o consentimento expreso das restantes persoas membros do equipo para a inclusión e publicidade dos seus datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos casos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas na lei.

Sétima.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da/s axuda/s establecidas nesta convocatoria, e correspóndelle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 2º.-*Composición e funcións do xurado.*

1. Composición.

O xurado estará formado polos seguintes membros:

-Presidente: o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria ou persoa en quen delegue.

-Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, que

será nomeado polo presidente e actuará con voz pero sen voto.

-Vogais: cinco vogais designados entre expertos no eido académico e profesional da comunicación e da ciencia.

2. Funcións.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos ao xurado, que procederá a súa avaliación e efectuará a proposta de concesión.

3. A decisión do xurado será inapelable.

4. O premio poderá ser declarado deserto.

Artigo 3º.-*Criterios de selección.*

A comisión de valoración empregará os criterios que se indican a continuación, por orde decrecente de importancia, para a valoración dos traballos:

1. A súa adecuación temática ao obxecto desta convocatoria.

2. A súa calidade xornalística.

3. O seu rigor científico.

4. A repercusión social do tema tratado.

5. A difusión da importancia do potencial das mulleres no eido da investigación e das medidas de igualdade que cómpre implantar; e

6. De conformidade co establecido no artigo 20.2º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, valorarase o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

Artigo 4º.-*Resolución.*

A proposta de concesión emitida polo xurado elevaráselle ao conselleiro de Economía e Industria a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, para a súa resolución definitiva e publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, será obxecto de publicación no enderezo web <http://economiaeindustria.xunta.es>.

Contra esa resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As solicitudes entenderanse desestimadas se non fosen resoltas no prazo de seis meses, unha vez rematado o prazo máximo de presentación de solicitudes.

Artigo 5º.-Pagamento e entrega dos premios.

1. O pagamento do importe dos premios farase mediante cheque nominativo a favor do autor ou autora do traballo. No caso de que se tratase dun equipo, o importe do cheque dividirase entre o número de membros do equipo.

2. Aos premios aplicaráselles a correspondente retención fiscal.

3. Os destinatarios dos premios terán a obriga de reintegrar o importe do premio no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión. Así mesmo, terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. Os premios entregaranse nun acto público que se anunciará oportunamente.

Artigo 6º.-Divulgación dos traballos.

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación poderá, á súa libre elección, divulgar os proxectos premiados citando o medio de publicación.

Artigo 7º.-Retirada da documentación.

As persoas responsables dos traballos ou os seus representantes legais poderán retirar os traballos non premiados nas dependencias da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación no

prazo de 60 días contados a partir da resolución do xurado correspondente.

Artigo 8º.-Autorizacións.

A presentación da solicitude polo interesado ou interesados comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que sexan necesarias para acreditar estar ao día das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Recursos.

A convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos derivados dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria



ANEXO



PROGRAMA DE COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

ANO 2009

MODELO CSS-07

PROCEDIMENTO		CÓDIGO DO PROCEDIMENTO		DOCUMENTO	
VII PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO GALICIA INNOVACIÓN		IN822C		SOLICITUDE	
DATOS DO/A SOLICITANTE					
PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME		DOCUMENTO DE IDENTIDADE	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER	PAÍS	ENDEREZO	DOCUMENTO DE IDENTIDADE	NÚMERO
LOCALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
TITULACIÓN ACADÉMICA					

DATOS DO EQUIPO					
PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME		DOCUMENTO DE IDENTIDADE	NÚMERO
DATA DE NACEMENTO	SEXO <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER	TITULACIÓN ACADÉMICA			

*Estes datos deben ser introducidos para cada membro do equipo

DATOS DO TRABALLO	
TÍTULO DO TRABALLO	
DATA DE DIFUSIÓN DO TRABALLO	
MEDIO DE COMUNICACIÓN ONDE FOI DIFUNDIR O TRABALLO	

CONSENTIMENTO EXPRESO Á ADMINISTRACIÓN

A/O candidato/a ou o VII Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación concede o consentimento expreso á Administración para incluír e facer público, nos seus traballos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 20 de novembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE O día 9 de xullo de 2009 pola que se convoca o VII Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____ de _____ de 200__		

Conselleiro de Economía e Industria
Rúa dos Feáns, 7-local C-15706 Santiago de Compostela